

ACTA INICIAL

Proceso selectivo: creación de lista de agarda auxiliares de Policía Local do Concello de Rianxo 2017

No Campo Municipal de Fútbol de Asados (Rianxo), ás 10.00 horas do día 7 de xuño de 2017 reúnese o tribunal cualificador que avaliará as probas selectivas para a creación dunha lista de agarda de auxiliares de Policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017 e tribunal aprobado por resolución da Alcaldía núm. 487/2017 de 05/06/2017 coa seguinte composición:

- Presidente: D. Antonio Tubío Piñeiro, Xefe da Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. José Gey Pérez, Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Rafael Romero del Rey, Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Juan Antonio González Sanpedro, Policía Local de Riveira
- Secretario: D. Ramón Raul Friero Romero, Policía Local de Rianxo
- Asesor: D. Ramón Villanustre Ordóñez, Técnico de deportes do Concello de Rianxo

O presidente constitúe o tribunal e da conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: O día 17/05/2017 o Concello de Rianxo publicou na prensa o anuncio para a creación dunha bolsa de contratación de auxiliares de Policía Local, para cubrir renuncias e baixas durante os meses de xullo, agosto e setembro, no que se establecía que o prazo de presentación de solicitudes era de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, segundo o recollido no punto 4 das bases que rexen o dito proceso selectivo; así, o día 24/05/2017 rematou o prazo de presentación de instancias.

Unha vez comprobadas todas as solicitudes presentadas segundo o establecido nas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017, publicouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos na Resolución da Alcaldía núm. 458/2017 do 26/05/2017.

Rematado o prazo de reclamacións de dous días hábiles, procédese a publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e a data hora e lugar de celebración das probas.

Unha vez acceden ó recinto as persoas aspirantes, comeza o chamamento das persoas admitidas ó proceso do que resulta como NON presentado o seguinte aspirante

-Prego Betanzos, Oscar.

Queda excluído do proceso o aspirante non presentado.

A continuación indícaselle como se vai desenvolver a proba. De seguido procédese á comprobación de identidade e de estatura pola orde indicada na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e iníciase a primeira proba física (potencia de tren inferior. Salto vertical): medición da posición de partida, realización de salto e medición da posición acadada en el.

Remata a proba ás 10.15 horas co seguinte resultado: todos os aspirantes son declarados aptos por superar as marcas establecidas para esta proba.

Ao remate emplázase ós aspirantes para a realización da segunda proba física (resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos).

Explicáselle ós aspirantes que a proba se realizará nunha soa quenda así como as características desta, punto de saída, voltas ó circuito e punto de remate.

Iniciase a proba ás 10.20 horas.

Remata a proba ás 10.25 horas co seguinte resultado:

Núm.	Apelidos e nome	PRESENTADO	SALTO VERTICAL	CARREIRA 1000 METROS
1	CHOREN GARCÍA, ADRIÁN	SI	APTO	APTO
2	PREGO BETANZOS, OSCAR	NON		
3	RODRÍGUEZ REGUEIRO, ADRIÁN	SI	APTO	APTO
4	SAMPEDRO VIDAL, OSCAR JOSÉ	SI	APTO	APTO
5	SANTAMARÍA ALONSO, ÁNGELA	SI	APTO	APTO

O tribunal acorda convocar a segunda proba de coñecementos para o venres día 9/06/2017 ás 10 horas no auditorio municipal de Rianxo sito na rúa A. Frieiro e A. Romero, na que se avaliará os coñecementos dos aspirantes do dominio do temario incluído nas bases que consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Non habendo mais asuntos que tratar a presidencia remata a sesión ás 10.40 horas do día 7 de xuño de 2017, do que como secretario se estende a presente acta que será subscrita polos membros do tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na sede electrónica municipal.



Four handwritten signatures in blue ink are present, corresponding to the members of the tribunal mentioned in the text.